

Estrutura da poboación e movementos migratorios

27/03/2024

ÍNDICE

Poboación de Galicia.....	1
Estranxeiros.....	4
Movementos migratorios externos.....	6
Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e inscrita nalgunha provincia de Galicia...	6
Definicións e máis información.....	7
Definicións.....	7
Descarga de datos.....	7

Poboación de Galicia


Poboación segundo o sexo. 2023

Espazo	Total	Homes	Mulleres
Galicia	2.699.424	1.299.064	1.400.360
A Coruña	1.123.884	538.523	585.361
Lugo	324.267	157.332	166.935
Ourense	304.563	146.271	158.292
Pontevedra	946.710	456.938	489.772


INE. Censos de poboación e vivendas

O día 1 de xaneiro de 2023 residían en Galicia 2.699.424 persoas, segundo o censo de poboación do INE. No último ano o número de residentes en Galicia tivo un aumento interanual en termos relativos do 0,25 %.

Pirámide de poboación de Galicia. Ano 2023



Poboación residente en Galicia segundo o lugar de nacemento. Ano 2023




Poboación residente nos sete grandes concellos galegos. Ano 2023

	Poboación
Vigo	294.910
Coruña, A	247.350
Ourense	104.187
Santiago de Compostela	98.716
Lugo	98.189
Pontevedra	82.592
Ferrol	64.005

INE. Censos de poboación e vivendas

Vigo, con 294.910 habitantes, é o concello máis poboado de Galicia. A continuación atópanse A Coruña con 247.350 veciños e veciñas e Ourense con 104.187 persoas. Entre os sete grandes concellos suman 989.949 habitantes, o 36,7 % do total da poboación residente en Galicia.

Índice de envellecemento. Ano 2023



O índice de envellecemento, calculado coma o cociente das persoas de 65 ou máis anos entre os mozos menores de 20 anos, amosa a grao de envellecemento que sofre a poboación dunha rexión. No ano 2023 en Galicia este índice acadou o valor de 169,27. A provincia co maior índice de envellecemento é Ourense cun valor de 239,43. Pola súa banda, na pirámide de poboación de Galicia apréciase que a galega é unha poboación envellecida, cunha base estreita, o que indica que nacen poucos nenos e nenas. Por contra, a parte central e superior da pirámide son anchas, sintomático dunha estrutura poboacional con predominancia da xente de avanzada idade.

Estranxeiros


Poboación de nacionalidade estranxeira. Ano 2023

	Total	Homes	Mulleres
Galicia	139.306	66.673	72.633
A Coruña	55.136	25.942	29.194
Lugo	19.759	10.001	9.758
Ourense	19.483	9.317	10.166
Pontevedra	44.928	21.413	23.515


INE. Censos de poboación

O día 1 de xaneiro de 2023 tiñan fixada a súa residencia habitual en Galicia 139.306 persoas de nacionalidade estranxeira, o que supón o 5,2% do total da poboación galega.


Pirámides de poboación segundo a nacionalidade. Galicia. Ano 2023



Evolución da porcentaxe de poboación de nacionalidade estranxeira. Galicia



Variación interanual da poboación de nacionalidade estranxeira en Galicia. Porcentaxe



En 2023 a poboación de nacionalidade estranxeira aumentou un 16,9 % con respecto ao ano 2022.

Movementos migratorios externos

Durante o ano 2022 marcharon de Galicia 32.697 persoas e chegaron 59.948 procedentes do resto de España ou do estranxeiro, o que sitúa o saldo migratorio externo en 27.251 persoas. Neste ano chegaron a Galicia 13.069 inmigrantes máis que en 2021. As entradas procedentes do estranxeiro aumentaron arredor dun 53,8 %. Un total de 19.283 galegos e galegas marcharon de Galicia con destino a outra comunidade autónoma e 13.414 fixérono ao estranxeiro.

Movementos migratorios externos. Persoas

	2021	2022	Variación Porcentaxe
Emigración externa	34.043	32.697	-3,95
A outra comunidade	18.191	19.283	6,00
Ao estranxeiro	15.852	13.414	-15,38
Inmigración externa	46.879	59.948	27,88
Doutra comunidade	21.332	20.667	-3,12
Do estranxeiro	25.547	39.281	53,76
Saldo migratorio externo	12.836	27.251	112,30

INE. Estadística de variaciones residenciales. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e inscrita nalgunha provincia de Galicia

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e inscrita nalgunha provincia de Galicia. Distribución segundo o sexo e os grupos de idade. Ano 2024

	Total	Homes	Mulleres
Total	534.972	260.264	274.708
Menos de 16 anos	47.422	24.042	23.380
De 16 a 64 anos	318.321	158.705	159.616
De 65 ou máis anos	169.229	77.517	91.712

INE. Padrón de españoles residentes en el extranjero

O día 1 de xaneiro de 2024 residían no estranxeiro un total de 534.972 persoas de nacionalidade española e inscritas nalgunha provincia galega no Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). O 33,8 % destas persoas residía en Arxentina, que é o país do estranxeiro onde viven máis galegos e galegas.

Segundo a idade, o 8,9 % das persoas inscritas no PERE teñen menos de 16 anos, o 59,5 % entre 16 e 64 anos e o 31,6 % restante 65 ou máis anos.

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e inscrita nalgunha provincia de Galicia. Principais países. Ano 2024

	2024
Total	534.972
Arxentina	181.037
Brasil	51.409
Cuba	48.674
Suíza	41.188
Uruguai	40.818
Venezuela	30.118
Estados Unidos de América	26.108
Francia	19.846
Alemaña	17.901
Reino Unido	16.155
México	15.047
Portugal	5.020

Fonte: INE. Padrón de españoles residentes en el extranjero

Definición e máis información

Definición

Descarga de datos

- Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade
- Poboación segundo sexo e lugar de nacemento
- Poboación segundo idade e nacionalidade (española/estranxeira)
- Poboación estranxeira por sexo e nacionalidade. Galicia e provincias
- Indicadores de poboación. Galicia e provincias
- Emigracións, inmigracións e saldo migratorio. Galicia e provincias
- Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro segundo o país de residencia, a provincia de inscrición, o sexo e a idade. Galicia e provincias